

## ANUNCIO

*Certificación da Xunta de Goberno Local, que adoptou o acordo de corrección de erros das bases da convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de persoal de servizos xerais (psx) das escolas infantís do Concello de Ames.*

Por Acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 24 de marzo do 2022, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte, e que se transcriben a continuación:

**Dalmiro Núñez Méndez, secretario acumulado do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**PUNTO CUARTO. CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS (PSX) DAS ESCOLAS INFANTÍS DO CONCELLO DE AMES.**

**EXPEDIENTE GD 11566/2021**

*Con data 24.02.2022 a Xunta de Goberno Local, aprobou as bases para a creación dunha bolsa de persoal de servizos xerais (PSX) das Escolas infantís do Concello de Ames.*

*Por parte da técnica de Secretaría, detectouse un erro por omisión no parágrafo I.a) da base sétima, así como un erro material detectado nos epígrafes a.1) e a.2) na expresión “centros infantís”.*

*Procede, polo tanto, realizar unha corrección de erros **sen que sexa preciso proceder a ampliación do prazo de presentación de instancias.***

Na base SÉTIMA estableceuse:

**“7. Sistema selectivo**

A selección consistirá nun concurso- oposición libre:

**I.- Fase de concurso:** O baremo do concurso será o seguinte:

**a) Por servizos prestados:** (ata un máximo de 4 puntos):

a.1) en **centros infantís** dependentes dunha Administración Pública Local: 0,30 puntos por mes completo ou fracción superior a quince días

a.2) en **centros infantís** dependentes de calquera administración pública: 0,15 puntos por mes ou fracción superior a quince días

*Figura no expediente, informe da técnica de Secretaría de corrección de erros de data 22.03.2022.*

*Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e previa delegación da Alcaldía (decreto 1376/2021), adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro. Corrixir** o erro existente no acordo do 24.02.2022 da Xunta de Goberno Local das bases para a creación dunha bolsa de persoal de servizos xerais (PSX) das Escolas infantís do Concello de Ames, de forma que a base sétima queda redactada do teor literal seguinte:

O apartado **I.- Fase de concurso**, queda redactado como segue:

**"7. Sistema selectivo**

A selección consistirá nun concurso- oposición libre:

**I.- Fase de concurso:** O baremo do concurso será o seguinte:

**a) Por servizos prestados como persoal de servizos xerais: (ata un máximo de 4 puntos):**

a.1) en **escolas infantís** dependentes dunha Administración Pública Local: 0,30 puntos por mes completo ou fracción superior a quince días

a.2) en **escolas infantís** dependentes de calquera administración pública: 0,15 puntos por mes ou fracción superior a quince días

**Segundo.** Publicar o acordo de corrección de erros das bases do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo de persoal de servizos xerais (PSX) das escolas infantís municipais do Concello de Ames no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal, para xeral coñecemento.

**Terceiro.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Cuarto.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de tramite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 24 de marzo de 2022, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Ames, 30 de marzo de 2022

O alcalde

José Blas García Piñeiro